



Ctnl
Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

Coordinadora de Traballadores/as de
Normalización da Lingua (CTNL)
CIF: G-15542897
Apdo. 170 Santiago de Compostela
Tfno.: 629 571 950
info@ctnl.org | www.ctnl.org

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia
Pazo da Raxoi. Praza do Obradoiro s/n
15705 Santiago de Compostela

Señor Núñez Feijóo,

Debido a que nos próximos días será investido presidente da Xunta e que, despois diso, procederá a conformar un novo goberno, diríxome a vostede en nome da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), entidade que agrupa as persoas que traballamos no ámbito da normalización lingüística, para proporlle, por un lado, un novo posicionamento para a Secretaría Xeral de Política Lingüística e, por outro, a volta ao consenso que supuxo o Plan xeral de normalización da lingua galega.

Cando en 2009 se formou o actual goberno galego, agora en funcións, desde a CTNL consideramos como “un lamentable paso atrás” que a Secretaría Xeral de Política Lingüística deixase de depender da Presidencia e fose relegada á Consellaría de Educación, xa que consideramos que non se pode limitar a acción de Política Lingüística ao ensino, pois a lingua haina que fomentar en todos os ámbitos e sectores, como o empresarial, as novas tecnoloxías, a xustiza, a administración pública ou a sanidade, por exemplo, onde a Consellaría de Educación non ten ningún tipo de competencia.

Deste xeito, solicitámoslle que, nese novo goberno que formará despois de que sexa investido presidente, a Secretaría Xeral de Política Lingüística estea posicionada na cúspide da organización, o que permitiría a transversalidade real e a acción nos diferentes ámbitos de goberno e sociais, algo imposible de desenvolver de xeito efectivo relegándoa a unha consellaría concreta.

Do mesmo xeito, sobre todo a raíz da recente sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na que se anulan, por seren considerados ilegais, artigos básicos do coñecido como Decreto do Plurilingüismo (79/2010), aproveito para indicarlle que nos gustaría que xa con esa constitución do novo goberno se visualice un cambio de políticas e actitudes con respecto á lingua, e que, polo tanto, se volva ao acordado en 2004 no Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG), buscando retomar o consenso e o camiño da normalización lingüística progresiva, tanto no ensino como no conxunto de ámbitos sociais.

Atentamente,

Nel Vidal Barral
Presidente da CTNL

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2012